MISA CON NENOS folleto

9 de febreiro del 2025
T. Ordinario-5º C
LUCAS 5, 1-11: "*Mestre, no temos collido nada pero* *pola túa palabra, botarei as redes*"
Mensaxe: Elixamos o lado que nos di Xesús





1. MONICIÓN DE ENTRADA

Irmáns e irmás: sede todos benvidos a este encontro dominical para celebrar a nosa fe. Aquí, xunto ao Señor e aos irmáns reunidos, atopamos a forza necesaria para deixalo todo, para seguir a Xesús, para ser pescadores de homes, para responder á súa chamada de ser hoxe dos seus nos mares da vida. Hoxe celebramos a Campaña de Mans Unidas, cuxo obxectivo é compartir cos demais o que temos para que a ninguén lle falte o necesario. O lema deste ano é ***"Compartir é nosa maior riqueza".***

(Saímos co póster de Mans Unidas e no presbiterio colocamos unha rede de pescar, un póster de Xesús e ao redor peixes de cores).

SACERDOTE: No nome do Pai... *O Señor que nos chama a seguilo e a coidar dos que pasan necesidade, sexa convosco.*



2. SÚPLICAS DE PERDÓN

Sacerdote: *En silencio, poñámonos ante Deus e pidámoslle o seu perdón e a súa graza.*

- *Neno:* Ti chámasnos a seguirte deixando as redes que nos atan e escravizan. **Señor ten piedade de nós.**

- *Pais:* i chámasnos a remar máis dentro, a valorar máis a túa amizade, a crecer en unión contigo. **Cristo ten piedade de nós.**

- *Catequista:* Ti dás a túa vida por nós e esperas unha resposta de fe, compartindo cos que nos necesitan. **Señor ten piedade de nós.**

Sacerdote: ***Deus que nos coñece e nos perdoa teña misericordia de nós e nos reúna algún día na vida eterna***

3. MONICIÓN ÁS LECTURAS

Que bo sería, que coas lecturas que imos escoitar neste día, pedísemos a Deus, que teñamos un encontro persoal con El. Isaías, San Paulo ou os mesmos discípulos, puideron ser fieis ao Señor porque tiveron unha experiencia moi forte do Señor. Escoitemos e oxalá nos sintamos citados a dar a coñecer con máis alegría, a existencia e presenza de Xesús de Nazaré. Escoitemos con especial atención hoxe a carta de Paulo que é a primeira profesión de fe que coñecemos, o primeiro credo.

LECTURAS

ISAÍAS 6, 1-2a. 3-8: *Aquí estou, mándame.*

O ano da morte do rei Ozías, vin o Señor sentado sobre un trono alto e excelso: a orla do seu manto enchía o templo. Xunto a el estaban os serafíns, e gritábanse un a outro dicindo: *«Santo, santo, santo é o Señor do universo, chea está a terra da súa gloria!».*

Tremían as xambas e os limiares ao clamor da súa voz, e o templo estaba cheo de fume. Eu dixen: *«Ai de min, estou perdido! Eu, home de beizos impuros, que habito no medio de xente de beizos impuros, vin cos meus ollos o Rei, Señor do universo».*

Un dos seres de lume voou cara a min cunha ascua na man, que tomara de! altar cunhas tenaces; aplicouna á miña boca e díxome: *«Ao tocar isto os teus beizos, desapareceu a túa culpa, está perdoado o teu pecado».*

Entón escoitei a voz do Señor, que dicía: ***«A quen enviarei? E quen irá por nós?».*** Contestei: ***«Aquí estou, mándame».***

Palabra do Señor.

SALMO 137: Diante dos anxos tocarei para ti, Señor.

1 CORINTIOS 15, 3-8. 11 *(BREVE): Predicamos así, e así o crestes vós.*

LUCAS 5, 1-11: *Deixándoo todo, seguírono.*

Narrador: Naquel tempo, a xente apiñábase ao redor de Xesús para oír a palabra de Deus. Estando el de pé xunto ao lago de Xenesaré, viu dúas barcas que estaban na beira; os pescadores, que desembarcaran, estaban a lavar as redes. Subindo a unha das barcas, que era a de Simón, pediulle que a apartase un pouco de terra. Desde a barca, sentado, ensinaba á xente. Cando acabou de falar, díxolle a Simón:

Xesús: ***-«Rema mar dentro, e botade as vosas redes para a pesca».***

Narrador: Respondeu Simón e díxolle:

Pedro: -«Mestre, ***estivemos faenando toda a noite*** e non recollemos nada; pero, pola túa palabra, botarei as redes».

Narrador: E, postos á obra, fixeron unha redada tan grande de peixes que as redes comezaban a rebentarse. Entón fixeron acenos aos compañeiros, que estaban na outra barca, para que viñesen botarlles unha man. Viñeron e encheron as dúas barcas, ata o punto de que case se afundían. Ao ver isto, Simón Pedro botouse aos pés de Xesús dicindo:

Pedro: *-«Señor, apártate de min, que son un home pecador».*

Narrador: E é que o estupor se apoderara del e dos que estaban con el, pola redada de peixes que recolleran; e o mesmo pasáballes a Santiago e Xoán, fillos de Zebedeo, que eran compañeiros de Simón. E Xesús díxolle a Simón:

Xesús: ***-«Non temas; desde agora serás pescador de homes».***

Narrador: Entón sacaron as barcas a terra e, deixándoo todo, seguírono.

Palabra do Señor.

(Narrador, Xesús, Pedro).

4. ORACIÓN DOS FIEIS

Sacerdote: *A Deus o noso Pai que por Xesús nos segue chamando a ser os seus enviados dicímoslle:*

-Quero caer nas túas redes, Señor. -Que nos enredemos na túa misión, Señor.

1. Pola igrexa. Para que sexa forte ante as dificultades e se deixe levar pola man e a voz de Xesús. *Oremos.*

2. Pola mocidade. Para que haxa moitos que como Pedro e os demais apóstolos sigan a Xesús xenerosamente. *Oremos.*

3. Pola nosa comunidade parroquial. Para que confíe máis na forza de Deus que na súa propia forza. *Oremos.*

4. Polos que o están pasando mal. Os que están no paro, os enfermos, os que sofren por calquera causa. *Oremos.*

5. Polos que axiña iniciaremos a coresma. Para que vivamos a proximidade aos demais e cambiemos o corazón. *Oremos.*

6. Polos voluntarios de Mans Unidas, por todos aqueles que colaboramos en proxectos de desenvolvemento. *Oremos.*

7. Por todos nós, polos misioneiros e os axentes de desenvolvemento no mundo. *Oremos.*

Sacerdote: Ti Señor coñeces o que máis nos fai falta, que se faga a túa vontade.



5. PROCESIÓN DE OFRENDAS

- **UNS REMOS OU BARCA:**

Na Igrexa, no mundo, na nosa terra, na nosa parroquia, na nosa familia…fan falta persoas que remen mar dentro. É dicir, que se arrisquen por conseguir coa axuda de Deus o que necesitamos para ser felices. Con estes remos queremos dicirlle ao Señor que conte connosco.

PÓSTER DE PEIXES DE CORES COS NOSOS NOMES:

Xesús segue hoxe chamando a ser dos seus. Nós queremos deixarnos caer nas súas redes, queremos deixarnos pescar por el e construír o seu reino, sendo testemuñas, mensaxeiros da boa noticia do evanxeo.

PAN E O VIÑO:

Finalmente, antes de seguir coa Eucaristía, traemos ao altar o pan e o viño. Sen a Eucaristía todo o que nos propoñemos sería difícil de levar a cabo ou de cumprir. O pan de Deus é para nós a forza do que quere remar na dirección que Cristo nos marca.




Manos Unidas
CAMPAÑA CONTRA EL HAMBRE
COMPARTIR
es nuestra mayor riqueza
Con tu apoyo estaremos un paso más cerca de conseguir un mundo libre de hambre, pobreza y desigualdad.


"En tu nombre
echaré las redes"

ORACIÓN DE ACCIÓN DE GRAZAS

Señor, co papa Francisco, dicimos:

"Benditas as mans que se abren para acoller os pobres e axudalos: son mans que traen esperanza.

Benditas as mans que vencen as barreiras da cultura, a relixión e a nacionalidade derramando o aceite do consolo nas chagas da humanidade.

Benditas as mans que se abren sen pedir nada a cambio, sen "peros" nin "condicións": son mans que fan descender sobre os irmáns a bendición de Deus".

Dános, Señor, mans que compartan, que acollan, que consolen e leven a bendición de Dios sobre todo aos máis necesitados.

FELIZ DOMINGO 5º
DO TEMPO ORDINARIO